

IR PARA O CONSELLO ESCOLAR

Tíña ao secretario sentado xusto en fronte miña. Mentres el lía cunha voz entre solemne e monótona unha chea de datos que ningún dos dous sería nunca capaz de assimilar, eu tentaba poñer en orde a pequena trasteira de ideas que é a miña memoria para tratar de comprender como chegara ata alí. Recordaba nese momento frases soltas do xefe de estudos falando comigo sobre a posibilidade de que me presentara como candidata ao Consello Escolar: “...é que nos gustaría que houbera algún candidato maior, alguén serio e con opinións que compartir...” ¿Opinións que compartir? Eu desas tíña moitas...



Agora recordo ben... Pensara nesas veces nas que desexara ter a posibilidade de dicir o que pensaba, o que pensabamos a maioría dos que nos sentamos máis abaixo nas aulas. Aínda que quizais non cambiara nada. Só para marchar para casa ás dúas e dez aliviados.

Asinei un papel que me puxeron diante (que nin sequera lin) e que supoño que diría que presentaba a miña candidatura. E desde aquela ata hoxe. Non houbo, gracias a Deus ou a quen llas teña que dar, esa especie de simulacro de campaña electoral que se ve nas películas de adolescentes estadounidenses, nin falta que facía. (Nunca fun capaz de imaxinarme colgando carteis coa miña cara polas clases, non son precisamente fotoxénica). A xente votou e elixíronnos a outro e mais a min. E non é que ningún dos dous fixeramos méritos especiais, pero alí estabamos, sentados cunha chea de profesores, algúns pais e mais Rosa (recordo que aquel día sentei ao seu carón) participando en decisións que aínda que non me sacarían nunca de durmir sei que eran importantes. E mentres, pais e profesores discutían temas que a día de hoxe non son quen de recordar, eu só podía pensar en por qué se nós eramos tantos máis neste instituto eramos tantos menos naquela mesa.

Eva Recamán Graña

EDITORIAIS

ABRINDO CAMIÑOS EN CAMIÑOS ABERTOS

PL2, Planeta Lingua, xa temos o número 2 nas mans, mentres vai rematando o primeiro curso académico que molla o pan neste novo século XXI.

Hai un dito latino *–primum vivere, deinde philosophari–* que nos invita primeiro a vivir e logo a filosofar ou, se queremos, primeiro gañar a vida e máis logo buscar a recreación e o divertimento para o espírito. Pero, sen desautorizar aos sabios mediterráneos, ¿non será mellor para nós, estudantes e profes que somos, achegarnos ao noso diario traballo cun aquel de didáctico entretemento? Velaí o que moitos xa chaman vivir en galego, é dicir, almorzar, camiñar, ligar, estudar, oír, rir, troulear, amar, durmir, acordar, despedirse, cantar, pensar, ducharse, saudar, descansar, latricar, ler, emocionarse, soñar,..... en fin, rexurdir e existir en galego, unha forma moi eficaz de contribuír individualmente a que a lingua e a cultura galega vaian para adiante: estades tod@s invitad@s.


¿E como anda o resto?, pois tudo bem, tudo bem, como din os nosos veciños lusos de máis ao sur.

Por unha banda a Consellería de Educación continúa, coma sempre, coa súa política de conculcar as leis

(Continúa na páxina 3)

UNHA DE VACAS TOLAS


Irma Díaz Taboada



Son un vello de 80 anos e levo toda a vida tomando carne de tenreira. Estou tan san que mesmo podó dicir que supero aos máis novos. Non hai carne como a de antes, pois agora bótanlle moita química aos alimentos que comemos. Ademais, non sei a que tanto boureo, porque esta enfermidade tamén existía cando eu era novo.


Mira como estou, a E.E.B. atacoume e descubrín que deixa uns ocos en forma de esponxa no meu cerebro. Matádeme axiña, pero antes tendes que saber que esta enfermidade é por culpa dos pensos de fariñas animais. Daquela, retirádeos do mercado se non queredes quedar sen vacas. Facédeme caso, é a miña vontade derradeira. Adeus, xa me vou, estou a desmaiar.

Asinado / Vaca Tola



Feitos os controis oportunos, serán sacrificadas e incineradas todas aquelas vacas ás que se lles diagnostique a encefalopatía esponxiforme bovina.

ENCRUCILLADO



HORIZONTAIS:

- 1:** Corsario sen licencia. Grande extensión de auga.
2: Preposición que expresa lugar onde. Mastiga por segunda vez. Un. **3:** Río de Santiago. Relación sucinta, versión reducida. **4:** Do revés, acoden. Atadura. Vocal.
5: Deposicións. Media ducia. **6:** Conxunción. Marcharen. Muxe, esborreca. **7:** Lingua ilustre e antiga. O cisne de (...), maneira un tanto escollida de nomear a Shakespeare.
8: Órgano humano. Parte do sombreiro. Cincocentos.
9: Brando. Fai furados con certo utensilio. **10:** Símbolo do aluminio. Conxunción comparativa. Río do Courel.
11: Especie de chaqueta máis grande e abrigosa cá normal. Órganos do voo. **12:** Certa cor azul. Labrase a terra.

VERTICAIS:

- 1:** Serven para andar. Secreción amarga do fígado. Froita moi común. **2:** Fútil. Molestan, prexudican. **3:** Consoante. Acto no que se declaman poemas. Terceira nota musical.
4: Aire. Vila da provincia de Ourense. Canle, rego.
5: Posuír. Conxunción que expresa carencia. Forma reducida de *estar*. **6:** Así sexa. Punto cardinal. Terminación de infinitivo. Deus do Sol exipcio. **7:** Pezas do esqueleto. Acañar. **8:** Posesivo de primeira persoa. Tolleito, impedido. Artigo. **9:** Preposición. Aparello que moe. Épocas, idades.
10: Corrente de auga. Recobra ou devolve a saúde. Condicional.

Alexandro Martínez Lorenzo



(Vén da páxina 1)

que promoven e defenden a nosa lingua cando lle convén e sen que se note demasiado. ¿Que cal é a súa última fazaña? Acaba de enviar a todos os departamentos de Ciencias Naturais do país 50 vídeos didácticos nun perfecto español, violando á mantenta o disposto nos artigos 5º, 6º, 8º e 11º do Decreto 247/1995 do 14 de setembro, que desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística.

Pola outra nós ao noso, participando intra e extraescolarmente en todas cantas actividades desenvolve a Coordinadora de Equipas de N.L., desde o certame *Poesía e imaxe á Correlingua 2001*, desde

as sesións de cinema *En galego de película* ao *Recitado de poesía Carvalho Calero* e, como non, no festival musical *A mocidade coa lingua*.

E, para rematar, o noso maior alborozo e contento deste ano: parabéns e parabéns ao noso compañeiro e alumno Adrián Rodríguez Couceiro, gañador do 1º Premio nacional de relato curto *Entre nós, en galego*, pola súa narración *Un libro de Einstein repousaba sobre a mesa*. Évos unha boa alegría comprobar, máis unha vez, que o traballo sempre rende. Gracias Adrián, o teu éxito tamén é noso. **C.**

CAROLE

Os centros de ensino viven un ciclo vital propio: os cursos chegan e vanse, o alumnado pasa aquí varios importantes anos da súa vida, o núcleo estable do profesorado vese enriquecido polos compañeiros que cumpren interinidades ou substitucións e, de cando en veces, temos a fortuna de contar cun lector ou lectora para reforzar o ensino das linguas estranxeiras.

Este curso tivemos con nós unha delas, Carole, vida das terras bretonas de Rennes da Francia e, pensamos, vai ser unha persoa que lembraremos agarimosamente. O seu *savoir faire*, o grande interese que tomou polas rapazas e rapaces de francés e o seu encanto persoal foron máis aló do que é habitual nun profesor visitante.

Debémolles en boa medida a ela, á súa nai e aos compañeiros do *Collège Le Landry*, non só o éxito do intercambio realizado entre os nosos centros, senón unha intelixente contribución ao entendemento entre pobos que, algo afastados pola xeografía, teñen moito en común cultural, histórica, comercial e musicalmente.


E, sobre todo, persoas como Carole facilitan entender, máis aló das verbas e dos escritos, que vivimos nun mundo no que hai xente que paga a pena.



Dúas instantáneas do acto de despedida ao grupo de estudantes, profesoras e profesores bretons que participaron no intercambio. Antón Mella ao tamboril e Aitana Cuétara e Xoán R. Silvar á gaita, interpretaron música tradicional e popular de compositores galegos e da Bretaña.



Á LUS DO CANDIL



Hai uns días, unha miña amiga recomendoume ler un libro, *Á lus de candil*, de Anxel Fole. Lino sen gaña ningunha e para a miña sorpresa a obra gustoume moito. Son 15 contos diferentes entre si que están escritos en galego antigo, de cando aínda a nosa lingua estaba sen normalizar. Ten un vocabulario algo difícil pero o texto enténdese ben na maioría dos casos. Son historias de medo e intriga onde aparecen lobos, meigas, virxes, mortos, etc... Todas elas acontecen en lugares típicos de Galicia. Acomódase moi ben para a nosa idade. As historias parecen reais. Algunhas sucederon na realidade, outras son froito da imaxinación do autor.

Aconsélloo para aquelas persoas que coma min lles gusta pasar unhas poucas horas aturando medo, tendo moitos sustos e, por suposto, divertíndose. A min recomendoume unha amiga e a vós aconséllavolo outra amiga que son eu. Non vos habedes arrepentir. Ánimo.

Zoraida Fernández Gómez

CANTIGUEIRO POPULAR DA LIMIA BAIXA

Nacido en Ourense o 23 de xuño de 1907, Xaquín Lourenzo Fernández, *O Xocas*, é un dos nosos mellores investigadores nos campos do folclore e a etnografía. Despois dun sistemático labor de pescuda e recolección, e contando coa colaboración doutra persoas, editou en 1973, este *Cantigueiro Popular da Limia Baixa*, rexión natural situada no sudoeste de Ourense, que comprende as terras lindantes coa fronteira portuguesa polo Leste e polo Sur, e Ponte Liñares polo Norte e os montes de Baltar polo Nacente, abranguendo así o curso medio do río Limia e o val do río Salas que se artella con el.

As cantigas recollidas amosan as diferentes formas do vivir popular, con multitude de matices e variantes léxicas para algunhas palabras, que son recollidas nun moi detallado apartado final de *notas*. Amais das cantigas, tamén se recollen algunhas composicións, desafíos, oracións, parrafeos e romances.


Eis unha pequena escolma:

306
Arrigadeiras do liño,
arregai o liño ben,
non mirendes pró portairo
que a merenda vela ehí ven.

180
A muller do malpocado
anda beillando na eira
i o malpocado mirando
como se a muller peneira.

1590
O amar i o querer ben
váiche no botar do caldo,
que para ti vas ó fondo
e pra min andas nadando.

1607
O burro morreu,
requichou os dentes
e díxolle adios
a tódolos presentes.



Elena Delgado Vigo

3 de Abril de 2000:

Soou o espetador. Un abrouxador piti-do metíase nos oídos ata o máis profundo da cabeza. Mario achegou a man ata o botón e pulsouno. Ergueuse ás escuras e buscou o interruptor ás apalpadas. Sentiu un roce, e de seguido o estrepitoso ruído de algo que escacha contra o chan. – Merda – Os anaquiños do floreiro que acababa de caer cravábenselle nos pés nus. Pasou unha vez máis a man pola parede e o interruptor fixo un *clic* ao tempo que se acendía a lámpada. Mario colleu un pouco de esparadrapo do caixón da súa mesiña de noite e pegouno nun corte que tiña no talón. Limpou ben os pés por se lle quedaba algún cachiño máis e puxo as zapatillas. Foi ata a cociña coa intención de coller unha vasoira para limpar o chan do seu dormitorio, pero a fame e a necesidade inmediata de tomar unha cunca de café obrigárono a poñer a andar a cafeteira e a preparar unhas torradas de pan. Entre tanto achegouse ó ordenador e acendeuno.

Volveu á cociña e, mentres collía o café e mesturábo cun pouco de leite, sentiu ese ruído que facía o ordenador cando tiña unha mensaxe, esa especie de timbre ou campá que lle alegraba a vida polas mañás. Sentou na cadeira e comezou a ler *E-mails*. A maioría eran publicidade, así que ó redor do setenta ou oitenta por cento mandábo directamente á papeleira de reciclaxe. Tiña tamén un par de cartas dos seus netos e unha da súa filla. ¡Estes nenos!, sempre metidos no ordenador, mandándolle cartas ao seu avó. E Mario outro tanto, a pesar da súa idade familiarízase tanto coas novas tecnoloxías que agora non podía vivir sen elas. Era un verdadeiro xenio da informática. Para el era un modo máis de superar a soidade, coma aquel que vai ó bar falar coa xente e xogar ás cartas.

Xa estaba Mario respondendo ao correo cando un cheiro que viña das torradas fíxolle erguer bruscamente e precipitarse á cociña para apagar o lume. Todo o pan queimado. Xa ía sendo hora de comprar unha torradora, que tanto ordenador e tanta parafernalia si, pero ó final as torradas estaban escuras coma betume. Regresou cunhas galletas ata a pequena sala do ordenador. Unha sala estreita e escura, cunha xanela que daba ó patio interior da casa. Estaba chea de estantes onde Mario almacenaba as súas revistas, discos, manuais... páxinas e páxinas de información sacada de Inter-

net. Tamén tiña unha mesiña máis pequerrecha que a do ordenador para a impresora e o escáner, así coma uns soportes para os altosfalantes, o micrófono e a cámara. O resto da habitación estaba forrado con posters, todos facendo alusión ás novas tecnoloxías e ós extraterrestres. Mario tiña unha verdadeira obsesión cos extraterrestres e case todo o que collía en Internet tiña algunha relación con eles.

Un libro de Einstein repousaba sobre a mesa.

Teclou UFO e pulsou “enter”. Inmediatamente o aparello comezou a buscar todo o que tiña algo que ver con esa palabra, mentres el rillaba de vagar unha desas galletas que levan chocolate dentro. De alí a un cacho apareceu na pantalla unha lista dos artigos existentes sobre alieníxenas. Dous mil vintecinco.

Así comezaba unha xornada de lecer para Mario, cunha case interminable lista que exploraba ata o último recuncho. O que para calquera outra persoa podería resultar agobiante e incluso insoportable, resultáballe a Mario ameno e divertido, chegando a ser, máis que un hobby, unha obsesión.

Comezou a ler. Moitos artigos xa os tiña vistos e descartounos inmediatamente, igual que facía con aqueles que lle parecían bromas ou información errada. Tiña a teima de investigar todos os sucesos e avistamentos relacionados con OVNIS, e en moitos casos chegaba a crer a información que lle brindaban en Internet, cousa que ó resto da xente lle parecía de tolos. Pero alí estaba el, dándolle ó teclado, remexendo na rede, inmerso nun mundo aparte.

Así pasou o tempo ata a noite, con breves paradas para comer e tomar a cea, que a maior parte das veces consistía nun bocadillo ou calquera outra cousa que podía comer mentres traballaba no ordenador. Non atopara nada, coma de costume. Uns cantos casos de xente que aseguraba ter visto un OVNI, ou mesmo dicían que foran abducidos, algúns parágrafos de broma nos que se burlaban da xente coma Mario, e sobre todo artigos de xogos de extraterrestres, ¿como poderían facer tantos xogos sobre o mesmo? ¿É que non remataban aborrecéndoo? Sempre matando marcianos e disparándolle ás naves inimigas... A verdade e que a el éralle o mesmo, nunca lle dedicou moito tempo ós videoxogos, pero parecíalle increíble que algo tan estúpido como matar marcianiños tivese tanto éxito...



Era xa moi tarde e Mario empezaba a ter sono. Estivo a remexer un pouco máis, pero cando se lle empezaron a cerrar os ollos deu por rematada a noite, xa medio durmido. Apagou o ordenador, colleu un par de galletas e foi para a habitación. Sentiu unhas agudas punzadas nos pés, coma de alfinetes. Tiña que recoller o floreiro... Mirou para o espetador: as tres da madrugada. Xa o recollería mañá.

4 de Abril de 2000:

O tráfico ruxía na rúa. Ruído de motores, unha escavadora traballando nas obras do gas, camións que pasaban pola estrada facendo tremer a casa enteira... Así non hai quen durma.

Mario abriu os ollos e quedou un cacho mirando o teito. Doíanlle un pouco os ollos. Ergueuse da cama e mirou o espetador. As doce e media, luns. Foi ata a parede e pasou a man coidadosamente para acender a luz. Con tino, non fose que tirara algo, coma o floreiro. O floreiro. ¿Onde estaban os restos do floreiro? Pasou o pé con coidado polo chan, apalpando a fría superficie onde deberían atoparse os pedazos. ¿Teríao soñado? Logrou acender a luz. Os anaquiños do floreiro non estaban. Mirou na planta dos pés e comprobou que aínda tiña os cortes. ¿Que estaba a ocorrer? Non recordaba ter limpad o floreiro... Foi ata a cociña e preparou café e torradas. Esta vez non se lle ían queimar, pensaba vixiar o lume todo o tempo. Porque xa llo dicía súa nai, que a comida hai que estar canda ela, vixiándoa, mimándoa; se non, non sae rica.

Unha especie de campá soou na sala do

(Continúa na páxina 6)

(Vén da páxina 5)

ordenador. Tiña un *E-mail*. Mario foi a modo, coma ralentizado, ata a porta da salíña forrada de posters. Asomou a cabeza e comprobou que o ordenador estaba aceso. ¿Que demo estaba a ocorrer?

¿Quen acendera o ordenador? A súa filla non, non se lle daban ben estas cousas e a penas sabería programar o vídeo... Poida que o seu xenro. Pero estaba a traballar...

¿Apagara o ordenador antes de ir para cama? Pode que non... tiña moito sono. Mario buscaba respostas para tranquilizarse. Si, sería iso, tiña moito sono e esqueceu apagar o ordenador.

Un libro de Einstein repousaba sobre a mesa.

Sentou na cadeira e seleccionou o único *E-mail* que tiña. Un *E-mail*, un. Nin publicidade nin cartas dos netos, só un *E-mail* sen encabezado. Un cheiro a torradas queimadas viña da cociña. Era o mesmo, agora só lle importaba o *E-mail*. Non levaba encabezado... Vaia, ¿e que? Moita xente non pon o encabezado. Mesmo el esquecía de cando en vez. Podería ser calquera cousa. Mais... non podía ser publicidade, pois esta baséase nun encabezado que atrae a atención do lector. Abriu o *E-mail*, cheo de curiosidade. O ordenador cargou e tras uns intreos o contido do correo quedou revelado. ¿Que demo era iso? Apareceu na pantalla un logotipo en cor verde e azul celeste, que representaba un globo terráqueo. Mario viu un icono de acceso á rede e fixo *click* nel. Ó cabo dun tempo descargáronse páxinas e páxinas de información, todas marcadas co logotipo verde e azul. Non dubidou en copialo e imprimilo todo.

Comezou a investigar nas páxinas, sen saber ben que era o que estaba a ler. Ci-

fras, nomes, datas... Pensaba que podía ser información dalgunha empresa ou organización, algún envío perdido que fora a parar ó seu ordenador por error. Estivo introducindo datas, nomes e textos na súa base de datos durante case tres horas, rillando nas galletas e escoitando un disco de *blues*, totalmente inmerso na exploración das páxinas e páxinas de información que recollera na rede. Esquecera por completo a comida. Mario seguía cavilando. Chamáralle a atención un documento dunhas cen páxinas que non era máis que unha serie de datas e nomes relacionados, cunhas pequenas entradas de texto. Había algo naquelas datas que se lle facía familiar... Algunhas, coma esa que rezaba "2 de Xaneiro de 2986", estaban equivocadas, debían de ser erro de imprenta. Pero as outras... Seguiu cavilando. Os textos falaban de estudantes que ían investigar non sei qué civilización, e centrábanse especialmente nun experimento. Un experimento de adaptación ao medio, ou algo parecido. Mario estaba capturado, preso da información contida nesas páxinas... Volveu ás datas, tiña que averiguar o seu significado. Sabía que había algo nesas datas. Introduciu unha delas no buscador e deixou que o seu ordenador remexese na rede ata atopar algo. O disco seguía a soar. Unha guitarra, unha voz, un piano... Levaba case tres horas soando. Os altosfalantes emitiron un timbre. Na pantalla apareceron os sucesos destacables no ano requirido. Mario case cae da cadeira. Un OVNI. A data dun avistamento. A data do informe coincidía coa suposta aparición dunha nave aliénixena. De seguido comprobou que o resto das datas coincidían con sucesos relacionados con extraterrestres. Ata atopou

avistamentos que xa tiña catalogados. Increíble. Non saía do seu asombro. Seguiu investigando. Tiña tanta información que podería estar todo o día e non ter lido nin a metade. Ademais todas esas páxinas estaban escritas cunha linguaxe moi complexa, termos técnicos descoñecidos para Mario. Éralle ben difícil comprender do que estaba a falar. Pouco a pouco a idea de que fose un informe extraterrestre fíxelle metendo na cabeza. Non o dicía claramente en ningures, pero Mario estaba cada vez máis seguro. Non podía ser outra cousa, para el era a única explicación.

Un libro de Einstein repousaba sobre a mesa.

Caera a noite. Mario apagara o disco de *blues* por se se quentaba demasiado, non lle fora a ocorrer coma ás torradas. Foi ata a cociña e colleu un novo paquete de galletas. Puxo a quentar leite e preparou moito café. Quedou vixiando, por se ao lume lle daba por queimar algo. Tomou rapidamente o café con leite e volveu ao ordenador. Seguía a comer nas galletiñas. Estaba absorto, pensando no que podería ser esa información e en cómo chegara ata el. Daba voltas na cadeira, movía o lapis, balanceábase... Deulle por xogar co teclado. Escribía nomes, palabras sen sentido... Facía sen pensalo, mentres cavilaba nas datas do informe... Pero nunha destas escribiu o seu nome e premeu "enter", case sen darse conta.

O buscador comezou a traballar. Xa estaba Mario a piques de cancelar a busca cando na pantalla apareceu a información requirida. Unha desas follas co logotipo do globo enriba. Era unha lista de nomes, con datas de nacemento, xunto cunha referencia numérica. Algo así coma un nú-

(Continúa na páxina 7)

SOPAS DE LETRAS

M	O	C	H	I	L	A	Q	B	W	T	G
A	O	F	A	R	G	I	L	O	B	M	A
R	H	R	U	T	L	I	B	R	O	R	D
G	U	G	O	M	A	N	Q	R	O	Ñ	N
E	Q	I	W	T	P	D	O	A	E	L	E
R	K	R	G	V	I	T	H	W	Z	T	X
E	O	X	O	T	S	E	F	H	Q	K	A

Localiza 9 materiais que usamos na escola.

Z	O	Ñ	I	F	L	O	G	Q	E	W
U	D	F	B	N	O	A	X	T	W	E
R	A	T	O	V	T	M	N	U	T	R
L	U	V	Q	O	A	E	Z	I	P	Ñ
A	G	L	B	P	E	S	C	A	D	A
D	T	H	A	R	N	F	O	U	N	I
R	S	R	S	A	P	O	O	R	B	L
A	Q	S	H	G	C	P	X	U	C	Q
P	R	A	P	O	S	O	H	W	B	O

Localiza 9 nomes de especies animais.

(Vén da páxina 6)

mero de serie. Comezou a ler. Buscaba a palabra “Mario” por todas partes... nomes, nomes... Xoaquín, Paulo, Rosalía, Xosé, Víctor, Antía... Mario. Mario Leira Rei, 3365-X, 6 de Decembro de 2993.

Respiraba lentamente, tratando de manter a calma. ¿Pero quen podería manter a calma nun momento coma este? Comezou a tremer, sentiu medo. A habitación dáballa voltas, a casa enteira dáballa voltas. Sentiu a cabeza moi pesada, cada vez máis. Non puido sostela e acabou por caer ao chan.

Un libro de Einstein repousaba sobre a mesa.

Mario ergueuse no medio da madrugada, cunha terrible dor de cabeza. O ordenador seguía aceso. A pantalla seguía mostrando unha lista de nomes. E entre eles seguía estando o seu. Incorporouse. Non podía entendelo, algo non estaba ben. ¿Que demo tiña que ver el cos extraterrestres? E esas datas... Unha idea asomóuselle á mente. Escribiu no buscador: 3365-X. O programa encontrou ademais da lista de nomes, outro documento con ese número. ¡Vaite! Mario comezou a ler. Tra-

tábase dunha especie de biografía, dividida en dúas partes: dende que nacera ata os dez días máis ou menos, e dende este momento ata case o mesmo día no que recibira a información.

Mario leu moitas cousas esa noite. Leu como supostamente nacía no 2993; leu como ós dez días de vida foi declarado apto para un experimento de adaptación a civilizacións pasadas; leu como o seu destino era Cedeira, unha vila de Galicia, no 1927; leu como era transportado no tempo e como o depositaban nun berce, cambiándoo por outro cativo; leu como a súa procedencia dunha civilización máis avanzada o predispoñía para a informática; leu como os investigadores entraban na súa casa e introducían no ordenador o *E-mail*; leu como os seres que el cría extraterrestres eran homes do futuro, que viaxaban no espacio e no tempo; leu como este homes do futuro tiñan previsto que chegado o ano 2000, cando Mario tivese 72 anos, volverían buscalo. Mario sentiu o medo, sentiu o pánico emerxendo do máis profundo do seu peito, abrasándose por dentro. Deu a volta e topouse de fronte cun home vestido de gris. Co pelo

gris, cos ollos grises, coa pel gris... Unha figura hierática que o observaba sen sequera pestanexar. Mario quixo fuxir. Non puido. Quixo berrar. Non puido. Finalmente tratou de espertar dese pesadelo, pero o home do traxe gris sacou lentamente do seu peto un frasquiño redondo e, vertendo unhas gotiñas de líquido azul preto da cara de Mario, fíxoo adormecer. Soou o espertador. Achegou a man ó botón e pulsouno. Estaba confuso. Saíu da habitación sen sequera acender a luz, pisando os restos do floreiro. Foi ata a cociña e puxo a quentar leite e unhas torradas. ¿Fora todo un sonho? Mirou o almanaque. 3 de Abril de 2000. Unha tenue luz saía do cuarto do ordenador. Mario foi tremando ata a porta e, case escondido detrás do marco, viu que na pantalla rezaba unha mensaxe: “Mario Leira Rei, 3365-X, probas superadas con éxito”.

Un cheiro a queimado chega dende a cociña, mentres o disco de *blues* soa baixo, profundo, misterioso...

UN LIBRO DE EINSTEIN REPOUSABA SOBRE A MESA

(Vén da páxina 8)

res non chegan a un alto cargo, aínda que fagan o mesmo traballo có home.

-¿Estase a desenvolver algunha iniciativa ou solución para reducir a alta porcentaxe de paro que temos en Ferrol?

-En primeiro lugar, o paro, é un mal de todo o planeta. A nosa comarca ten unha porcentaxe de paro superior á do resto de Galiza. Nos últimos vinte anos, Ferrolterra, foi castigada cunha reconversión industrial inxustificada, que produciu a desaparición de milleiros de postos de traballo. Desde o Concello estamos tentando poñer todos os medios posibles para xerar emprego dentro das nosas posibilidades.

-¿Vanse tomar medidas para que se poida facer unha recollida selectiva do lixo nas casas, separando os produtos orgánicos dos inorgánicos?

-A xestión dos residuos sólidos urbanos é, nas últimas décadas, un dos grandes problemas da humanidade. Agora non é coma antes, pois hai un novo modelo chamado Sogama. O que se tenta facer é buscar un método alternativo que permita a reutilización dos produtos. Nós mesmos temos que realizar unha recollida selectiva desde a nosa vivenda, despois a administración debe poñer a disposición da cidadanía colectores separadores e, por fin, o tratamento compostaxe, no que hai bastantes discrepancias e complicacións, pois a maior parte das veces, non é posible levalo a cabo.

-Con estes problemas que temos agora das vacas to-

las, ¿segue vostede a tomar carne de tenreira?.

-Si. É certo que se produce unha situación de bombardeo de imaxes que psicolóxicamente nos afectan a todos e a todas e, por se non chegara, aparecen os temas da manipulación xenética e o gripo ou febre aftosa. Pero eu creo que o máis importante é a problemática da manipulación dos alimentos. O que non se poder facer é poñer en perigo a saúde pública a conta duns beneficios económicos.

-E xa, para rematar, ¿poderíanos explicar brevemente en que consisten os programas da xuventude que está a organizar o Concello?

-Un dos obxectivos que ten o Concello, especialmente a Concellería da Mocidade, é buscar alternativas para o tempo de lecer. Conxuntamente coa Concellería de Educación, artéllanse programas dirixidos aos colexios e participase en iniciativas de carácter extraescolar, que complementan a educación dos centros de ensino, coma deportes, informática, debuxo e arte en xeral. Despois, para eses momentos concretos de ocio, creáronse dúas iniciativas novas: unha é o denominado *Programa Ardora* que consiste en ofertar para a mocidade, e durante as fins de semana, outras alternativas diferentes ás que habitualmente lle supoñen elevados gastos en cousas pouco educativas; e tamén, para os máis novos, está o chamado *Campamento Urbano de Ferrol*, onde tamén se programan outras actividades.

Ariana Ares Dopico e Andrea Pardo Mesías



FALANDO CON XAIME BELLO, ALCALDE DE FERROL

Xaime Bello leva presidiendo a alcaldía de Ferrol desde as últimas eleccións municipais. O alcalde ferrolán concedeunos esta entrevista para comentar algún dos temas que máis nos afectan aos estudantes, á xente moza.

-¿Tomarase desde o Concello algunha medida para difundir o galego en Ferrol?

-Xa se están a tomar medidas para a difusión da nosa lingua. O Concello aprobou unha ordenanza de Normalización Lingüística que entrou en vigor en 1997. Agora estamos na base de constitución do denominado “*Consello Municipal da Lingua*”, que é un organismo de carácter asesor e consultivo da propia Corporación Municipal, para a promoción, defensa e potenciación da nosa lingua; pero todo isto se trata dunha actuación interdisciplinaria.

-¿Cal é a súa postura respecto das escasas materias que, na escola e nos institutos, se imparten na lingua do país?

-O ensino é unha parte importante da recuperación que a todos os niveis e para todos os usos necesita o noso idioma. É fundamental que na escola o idioma galego non apareza cun tratamento marxinal ou residual, senón que apareza como debe ser, como lingua propia que é do noso pobo e, polo tanto, como vehículo de expresión normal dentro do que é o ensino. Tomáronse moitas medidas pero, nestes momentos, estase a incumprir a Lei de Normalización Lingüística.

-Sendo a súa profesión a de mestre, ¿cre vostede que os rapaces e rapazas galegos teñen coñecementos suficientes sobre a historia de Galiza e a de España?

-Coido que todas as persoas sempre temos déficits de coñecementos, iso en primeiro lugar; o certo é que, en certas ocasións, somos ignorantes do noso pasado e da nosa historia.

-¿Cal é a súa opinión sobre a proposta feita polo goberno do Estado de dividir ao alumnado de acordo co seu rendemento académico, os de nivel alto para unhas aulas e os de baixo nivel para outras?

-Estimo que é unha decisión regresiva pois supón unha clasificación negativa para a persoa en cuestión.



Isto suporía unha volta ao pasado onde os “listos” se trataban dunha forma e os “menos listos” doutra.

-¿Qué pensa vostede sobre o aumento de horas lectivas en disciplinas como as matemáticas ou as linguas, e a redución no horario doutras materias de menor importancia?

-A clasificación en disciplinas de maior ou menor importancia é un erro conceptual. A formación das persoas ten que ser unha formación integral e, xa que logo, debemos valorar toda canta achega nos poida aportar cada área de coñecemento.

-¿Cre vostede que hoxe en día as mulleres continúan a ter máis dificultades cós homes para conseguir traballo, e en especial para acceder á política?

-Ben, é evidente que aínda hoxe existe unha situación de desigualdade entre o xénero masculino e feminino. As igualdades non existen; non é o mesmo unha muller que un home á hora de abordar un determinado tipo de acceso a postos de traballo, e incluso despois, dentro do traballo, conseguir o mesmo salario. No campo da política tamén hai, ás veces, exclusións, debidas precisamente a esa desigualdade. Moitas mulle-

(Continúa na páxina 7)